



Xosé María Díaz Castro

*A beleza feriu-me
para sempre.*
a beleza que fere

A
XOSE MARIA
DIAZ CASTRO
POETA
1914-1990

R. Río
1994

Armando Requeixo

Unidade didáctica para a ESO



VIDA

Xosé María Díaz Castro naceu en Guitiriz, Lugo, o 19 de febreiro de 1914. Como moitos outros nenos galegos do seu tempo, Díaz Castro, veu ao mundo en casa labrega e humilde, así que seus pais decidiron ben pronto que o mellor para el sería envialo a que recibise clases no Seminario de Santa Catarina de Mondoñedo.



[Casa na que naceu Díaz Castro, no Vilariño, nos Vilares de Parga, Guitiriz]

A estancia neste centro de saber sería decisiva para a súa futura vocación como poeta, pois foi nos corredores do antigo seminario mindoniense onde se afirmou a súa devoción pola literatura clásica grecolatina e, sobre todo, onde tivo o primeiro contacto coa realidade literaria galega.




[Seminario de Mondoñedo, onde estudou o poeta]

Nas aulas e corredores do seminario Díaz Castro leu por vez primeira escritores conterráneos como Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869—Viveiro, 1947) e tratou compañeiros que, coma el, se sentían poderosamente fascinados pola maxia da palabra. Entre eles Aquilino Iglesia Alvariño (Abadín, 1909—Santiago, 1961), unha das voces cimeiras das

letras galegas do pasado século, con quen Díaz Castro mantería unha amizade fraterna dende entón.


Nestes anos de estudante o poeta comezou a escribir e en 1931 veu publicado o seu primeiro poema nunha revista tarraconense, *Lluvia de rosas*. A partir dese momento, a súa sinatura fíxose habitual nalgunhas cabeceiras lucenses de carácter máis ou menos local e mesmo escribiu dous poemarios xuvenís que nunca chegou a dar ao prelo: *Follas verdes* e mais *Follas ó aire*.

Rematados os seus estudos cumpre co servizo militar en plena Guerra Civil (1936-1939), onde serviu como enfermeiro. Ao rematar esta recibe o convite do seu vello amigo Igle-
sia Alvariño para que se traslade a Vilagarcía de Arousa e se faga cargo dunhas clases no Co-
lexio León XIII, prestixioso centro de ensino que dirixía o escritor de Abadín.



[Aula do Colexio León XIII, onde impartiu clases o escritor]


En Vilagarcía, Díaz Castro cultivou as súas tres grandes paixóns: a docencia, pois sem-
pre confesou unha especial predilección polo trato coa mocidade e por tentar transmitir a esta
saber e coñecementos; o estudo de idiomas, que xa iniciara nos seus anos como seminarista
coa aprendizaxe das linguas clásicas e, aínda que incipientemente, do francés e o inglés, idio-
mas aos que agora sumou tamén o alemán; e mais a escrita poética, sendo entón cando obtivo
o primeiro recoñecemento público ao seu labor creativo ao ser distinguido nos Xogos Florais de
Betanzos de 1946 por partida dobre, gañando os primeiros premios tanto na modalidade en lin-
gua galega (co tríptico *Nascida dun soño*) coma castelá (co longo poema *El cántico de la ciu-
dad*).



En 1948 o poeta marchou a Madrid. De primeiras viviu dando algunhas clases en academias privadas, mais pronto gañou unha oposición como tradutor nun organismo oficial e, dende ese momen-
to, a súa vida pasou a verse cada vez máis e máis absorbida polo traballo, simultaneando o quefacer como funcionario coas traducións que no seu tempo libre fixo para diversas editoriais. Nestes anos, Díaz Castro seguiu estudando idiomas e traducindo, con dedicación admirable, moreas de páxinas dende o inglés, danés, sueco, alemán ou francés, ata o punto de chegar a dominar a práctica totalidade das linguas europeas.

Por este tempo tamén casou e tivo tres fillos. A dedicación á familia sumada ao intenso traballo como tradutor fixo que deixase durante anos a poesía nun segundo plano.

Mais, animado por algúns escritores amigos, como Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenza, 1913—Vigo, 2010) Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910—Santiago, 1990) e Ramón Piñeiro (Láncara, 1915—Santiago, 1990), accedeu a seleccionar un feixe de poemas que compuxeran un libro. O volume acabou vendo a luz en 1961 co título de *Nimbos*, constituíndo dende ese momento unha auténtica revelación para moitas lectoras e lectores galegos, que xeración tras xeración seguen acudindo ás súas páxinas para se marabillar coa fondura e poder evocativo que atesouran os seus versos.



[Cuberta da primeira edición de *Nimbos*, publicada en 1961]

Logo do éxito fulgurante de *Nimbos* Díaz Castro non volveu á escrita en galego con asiduidade ata a década dos anos oitenta do pasado século, momento no que un grupo de poetas novos agrupados ao redor da revista universitaria santiaguesa *Dorna* o convidan a colaborar na súa publicación.

A mediados desa década chegará tamén a súa xubilación, tras a cal decidiu marchar de Madrid para voltar vivir a Guitiriz, onde viviu xa ata a fin dos seus días. A morte sorprendeuno en Lugo, o 2 de outubro de 1990. Tras o seu enterro, que foi multitudinario e no que estiveron presentes relevantes personalidades e os máis importantes escritores galegos, os seus restos mortais foron trasladados a Guitiriz, onde descansan dende aquela no cemiterio municipal desta vila lucense.



OBRA

NIMBOS

O único libro dado a coñecer en vida por Díaz Castro foi o poemario *Nimbos*, que apareceu publicado na editorial Galaxia en 1961.

Trátase dun libro composto por trinta e dous poemas no que os temas principais son a reflexión autopoética, a relación entre o ser humano e a divindade, o paso do Tempo e da Historia e a consideración simbólica e telúrica de Galicia.



[Viñeta de Xavier Varela]

Estruturalmente a obra figura dividida en distintas seccións: “Pórtico”, “Noite”, “Lus”, “Esperanza”, “Milagre”, “Sono” e “Ferida”. Amais, os poemas que compoñen estes bloques van trazando unha especie de itinerario pendular e circular, pois o libro acaba como se abre: admirándose do poder da palabra e da beleza especular da divindade no mundo. Deste xeito, “Pórtico” representa o limiar lírico do libro, no que se tenta gañar a complicidade do lector; “Noite” e “Lus” son seccións vencelladas e contrapostas, onde se mostra o negativo/positivo da existencia; os dous apartados seguintes, “Esperanza” e “Milagre”, supoñen unha continuación dos anteriores e neles salientase a confianza, a fe da voz lírica na bondade dos seres e das cousas que, dalgunha maneira, *participan* da divindade; esta última é o eixe central de “Sono”, de natureza claramente mística; por remate, “Ferida” supón unha reafirmación da voz lírica

no seu labor como cantora-creadora da verba e das cousas ante a contemplación do duro, fero e máis negativo da vida, pero tamén ante todo o que de bo nela hai, bondade, claro está, emanada da divindade.

Nimbos representa a culminación dunha corrente poética que os estudosos chamaron «paisaxismo humanístico» ou «neovirxilianismo», especialmente atenta ao canto da beleza da paisaxe galega tal como bucolicamente o fixeran na Antigüidade os poetas latinos, dando moita importancia aos seres máis humildes, nunha visión da existencia franciscanista.


Porén, en *Nimbos* tamén pode lerse «poesía de denuncia» (“Borrallo”) e mesmo mostras de certo hilozoísmo (“Vísperas”).

Por todo isto, Díaz Castro é considerado dentro da poesía galega do século XX como un poeta único, esencial e universal.

OUTROS TEXTOS DO AUTOR

Aínda que Díaz Castro só publicou un libro de versos, tal como se dixo, escribiu moitos outros textos poéticos ao longo da súa vida.

Antes do estourido da Guerra Civil deu a coñecer poesías en revistas e xornais galegos *El Progreso Villalbés*, *Mundo de Ahora*, *Perla del Calvario* ou *Vallibria*, amais de en publicacións extragalegas como a leridana *Lluvia de Rosas*.



[Cuberta da primeira revista na que publicou o poeta]

Por outra banda, despois da guerra e antes de aparecer *Nimbos*, publicou dous opúsculos líricos cos que gañara os Xogos Florais de Betanzos de 1946: *Nascida d'un soño* e *El Cantico de la ciudad*.

Neste mesmo tempo, a súa sinatura apareceu tamén en poemas galegos e casteláns reproducidos por revistas como *La Estafeta Literaria*, *Cartel*, *Sonata Gallega*, *Alba*, *Anuario Brigantino* ou *Ínsula* e por xornais como o santiagués *La Noche*, figurando tamén algunhas das súas mellores composicións nunha famosa antoloxía que baixo o título de *Escolma de Poesía Galega* publicou Francisco Fernández del Riego en 1955.

Xa na década dos anos oitenta do pasado século, Díaz Castro enviou poemas para as revistas *Dorna*, *Xermolos* e *Amencer* ou para volumes colectivos en homenaxe a vellos amigos seus, como Fermín Penzol (Sahagún de Campos, León, 1901—Santiago, 1981) ou Ánxel Fole (Lugo, 1903—1986).

Finalmente, cómpre non esquecer que xa na antes da Guerra Civil escribira Díaz Castro dous poemarios en galego que ficaron inéditos: *Follas verdes* (1934) e *Follas ó aire* (1935) e que tamén despois da guerra organizou parte da súa produción poética bilingüe en diversos cader-nos que nunca chegou a dar ao prelo, como os titulados *Sombras radiantes* ou *Mediodía*.



ACTIVIDADES

Comentario I

Coma brasas

Poeta eu non, eu cantarei as cousas
que na soleira de min mesmo agardan.
Alumarei con fachas de palabras,
ancho herdo meu, o mundo que me deron.

Eí están, coma brasa contra a noite,
as vellas cousas, cheas de destinos.
Ollos que piden, de famentos nenos.
Ollos que esperan, dunha adoescente.

¡Galiza en min, meu Deus, pan que me deron,
leite e centeo e soño e lus de aurora!
Longa rúa do mar, fogar da terra,
e esta crus que nos mide de alto a baixo.

Con este alento, eu lles darei ás cousas
o drama cheo que lles nega a vida:
dareilles rostos, para que se conozan,
palabras lles darei para que se entendan...

Cuestións

1. Procura no dicionario o significado de *soleira*, *fachas*, *herdo* e *drama*.
2. ¿Cal é a voz poética neste texto? ¿Que relación ten con Díaz Castro?
3. ¿Pensas que para Díaz Castro é importante o seu papel como poeta? ¿En que consiste ese papel?
4. ¿Por que cres que o titulou así?
5. ¿Detectas algún tipo de dialectalismo no poema? Sinálao e investiga se é propio da área lingüística á que pertencía o autor.
6. ¿Que outro tipo de desvíos da norma (castelanismos, hiperenxebrismos...) aparecen no texto?



[Díaz Castro co seu amigo o tamén poeta Manuel María]

Comentario II

Penélope

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A esperanza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mól coma unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!



[O poeta paseando por Guitiriz]

Cuestións

1. Procura no dicionario o significado de *tea*, *esperguizar* (*espreguizar*), *bruar*, *estrollar* e *desmo* (*décimo*).
2. Infórmate de quen era Penélope e logo responde: ¿por que pensas que titularía así este poema Díaz Castro?
3. ¿Cres que este poema describe unha Galiza dinámica ou inmolista? Xustifica a túa resposta.
4. No texto cítanse os topónimos de Parga e Pastoriza. Investiga onde se sitúan e sinala se teñen algunha relación co escritor.
5. Este poema ten rima e metro. Descríbeos.
6. ¿En que consiste a estrutura circular que caracteriza o poema?

Comentario III

No resplendor do día

Quero morrer de música nunha tarde de pinos
sen sentir o martelo dun recordo no sangue,
e caer amodiño na sombra como a lúa
enterra as súas cornas tras de Arxán.

Que o sol siga o seu rego deica o mesmo cadullo,
a derradeira rella do tempo en carne viva,
que os paxaros non calen no oco quente da tarde,
que non paren os bois de remoer.

Que o meu carro se entorne cheo de lume e soño
sen axotar as troitas nin as alas dormidas,
e que a Deus me encomenden os ventos vagabundos,
as lebres que se riron do meu can,

os camiños que andiven e as árbores con niños,
os ollos, inda cheos da lus de Deus, dos nenos,
as voces escondidas que terman deste mundo,
as bágoas puras que non ve ninguén,

namentras en falopas cae a imaxe do mundo
e as voces son adeuses de xente no peirao
e eu estrela da noite que se perde no día,
no resplendor do día que busquei.



[O terceiro pola dereita, en Madrid, no Centro Galego, xunto a outros escritores]

Cuestións

1. Procura no dicionario o significado de *cadullo*, *rellá*, *axotar* e *falopas*.
2. ¿Cal cres que é o tema central deste poema? Xustifica a túa resposta.
3. ¿Que é Arxán? ¿Como pode enterrar a lúa as súas cornas nel? Explica esta metáfora.
4. ¿Pensas que a presenza da divindade é importante no texto? ¿Por que?
5. Sinala os castelanismos e dialectalismos que atopes no texto e indica cales serían os seus paralelos no galego estándar.

A portrait of a man with dark hair, wearing glasses, a white shirt, a dark tie, and a pinstriped suit jacket. He is smiling slightly. The text "PARA SABER MÁIS" is overlaid in red on his face.

PARA SABER
MÁIS

BIBLIOGRAFÍA

—AA. VV., *Homenaxe a Xosé María Díaz Castro*, Guitiriz-Lugo, Asociación Cultural Xermolos, 1987.

—Blanco Garcia, Carmen, “Díaz Castro e as mulleres da Terra: as metamorfoses da grande Nai en *Nimbos*”, en *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1995, pp. 247-276.

—Blanco Torrado, Alfonso, *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Lugo, El Progreso Artes Gráficas/Fundación Caixa Galicia, 1995.

—Carballo Calero, Ricardo, “Introducción”, en Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*, Madrid, Editora Nacional, 1982, pp. 7-17.

—Requeixo, Armando, “Unha aproximación a *Nimbos* de Xosé María Díaz Castro”, *Revista Galega do Ensino*, 12, maio 1996, pp. 101-120.

—_____, “A poesía de Xosé María Díaz Castro: prehistoria de *Nimbos*”, en AA.VV., *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago, Universidade de Santiago, Tomo II Literatura, 1999, pp. 1247-1259.

—_____, “Xosé María Díaz Castro: moito máis que *Nimbos*”, *Casa da gramática*, 11, marzo, “Papel de Color. Un Século de Literatura Galega (1901-2000) 2ª Parte”, 2001, pp. 19-22.

—Rodríguez Fer, Claudio, “O poema «Penélope» de Díaz Castro”, en *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1989, pp. 199-210.

WEBGRAFÍA

—Requeixo, Armando, “Xosé María Díaz Castro. *Nimbos*” (2008): http://www.aelg.org/resources/didacticSPACE/units/didactic29/DW_didactic29_1.pdf

—_____, “Xosé María Díaz Castro” (2010): <http://www.aelg.org/Centrodoc/GetParatextById.do?id=paratext3039>

—VV. AA., <http://www.poetadiazcastro.com>

VIDEOGRAFÍA

—Casado, Xosé Antón, “O instante eterno” [Documental en fase de elaboración] (2011): <http://vimeo.com/31154997>

—Xiz Ramil, Xulio, “Xosé María Díaz Castro”, *Poesía na noite* (1986) [Audivisual para a TVG].

—_____, “Fillos da invernía: Xosé María Díaz Castro. Fondo poeta da Relixión e da Terra”, *Longa noite de pedra. Poetas da guerra e da postguerra*, Licenza nº 32.134, Lugo, Ophiusa SL, 1989.

—_____, *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de poesía*, Licenza nº 29.498, Lugo, Ophiusa SL, 1991.

—_____, “Xosé María Díaz Castro: Eu cantarei as cousas”, *Un paso de poesía. Poesía galega 1961-1975*, Licenza nº 44.546, Lugo, Ophiusa SL, 1993.



Díaz Castro. A beleza que fere. Armando Requeixo. 2011. José María